

Carlota está aburrida de ser
unha princesa rosa.
Ela non quere bicar sapos para ver
se se converten en príncipes azuis.

Carlota pregúntase
por que non hai princesas que xoguen
con dragóns, que suquen os mares
ou que vivan aventuras inesquecibles
mentres voan en globo por todo o mundo.

**15º ANIVERSARIO DUN LIBRO
REFERENTE EN IGUALDADE.**

Da mesma autora:



Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa?

Raquel Díaz Reguera



Hai algo máis ABURRIDO que ser unha PRINCESA ROSA?



Raquel Díaz Reguera



*A miña nai,
por todas as princesas azuis, elefantes alados,
gatos falantes e viaxes imposibles
que habitan nos seus contos.*

*Grazas a Pablo, Violeta, Guille, Jimena, Elena e Martina
por ser o sal da terra e a raiola de sol de todos os meus sorrisos.*

Hai algo máis
ABURRIDO
que ser unha
PRINCESA ROSA?

Raquel Díaz Reguera

É

É G A L I T É

Hai algo máis aburrido que ser unha princesa rosa?

Colección Egalité

© do texto e as ilustracións: Raquel Díaz Reguera, 2010/2017/2026

© da edición: NubeOcho, 2026

© da tradución: Iria Carballo, 2026

www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?*

Primeira edición: Setembro, 2026

ISBN: 979-13-88132-94-0

Depósito Legal: M-15895-2026

Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.





Carlota é unha princesa **rosa**;
co seu vestido **rosa**,
o seu armario cheo de roupa **rosa**
e un cuarto cunha cama
con sabas e almofada **rosas**.

Pero Carlota **está farta** do rosa,
e pregúntase:

“Hai algo **máis aburrido** no mundo
que ser unha princesa rosa?”.

As princesas rosas son tan **melindrosas**
que perden o sono por un pequeno chícharo
agochado embaixo de cen colchóns.

Carlota, pola contra,
é capaz de durmir coma unha marmota
mesmo enriba dun elefante.



Unha vez coñeceu unha princesa rosa
que pasaba o día **bicando os sapos**
do estanque para ver se algún se convertía
no **príncipe azul**.

Pero Carlota **non quere** un príncipe azul.



Por que non hai princesas rosas
que suquen os mares
en **busca de aventuras?**

Ou princesas rosas valentes
que se **rescaten**
a si mesmas das **gadoupas**
dun lobo feroz?



Ou princesas rosas **astrónomas**
que poñan nome ás
estrelas do universo?

Ou princesas rosas **arquitectas**
de **ciudades** imaxinarias?





Carlota **soña** con **dragóns**
alados, amigos que **xogan**
e viven **aventuras** xunto a ela.